



<https://www.usc.gal/gl/estudos/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-economia>



Grao en Economía



www.usc.gal



Economía

A Economía é unha disciplina científica imprescindible para comprender a sociedade da que formamos parte e para abordar os grandes retos medioambientais, tecnolóxicos e demográficos aos que nos enfrontamos. O Grao en Economía pola Universidade de Santiago de Compostela capacita profesionais para analizar con rigor a complexidade dos comportamentos económicos, e para aplicar ese coñecemento en labores de xestión, asesoramento e avaliación.

Tipo Presencial

Área Ciencias Sociais e Xurídicas

Centro Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

**Avda. Burgo das Nacións, s/n, 15782
Santiago de Compostela
ecoade.decanato@usc.gal**

Campus Santiago de Compostela

+info <https://www.usc.gal/gl/estudios/graos/ciencias-sociais-xuridicas/grao-economia>

Presentación

Interuniversitario: Non

Duración: 4

Número de prazas: 150

Data de inicio: Setembro

Plan de estudos

A titulación está distribuída en catro cursos, cun total de 240 créditos que están formados por 60 créditos de formación básica, 138 de materias obrigatorias e 42 créditos optativos

Mobilidade e prácticas

Son numerosas as universidades, tanto nacionais como estranxeiras, nas que o estudiantado do Grao en Economía pode realizar parte dos seus estudos a través dos programas de mobilidade. O Servizo de Relacións Exteriores xestiona estes programas, tanto os de carácter nacional (SICUE) como os europeos (ERASMUS) e os extracomunitarios (intercambios con países de América Latina ou con países de fala inglesa). O “Regulamento de intercambios interuniversitarios” é a normativa que articula o seu desenvolvemento. A Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais facilita ao seu alumnado a posibilidade de realizar tanto prácticas curriculares como extracurriculares en dúas convocatorias:

- Curriculares: O plan de estudos do grao en Economía contempla con carácter optativo a realización de prácticas externas. Estas prácticas teñen carácter curricular e unha duración de 150 horas (6 créditos).
- Extracurriculares. As prácticas non forman parte do plan de estudos pero figuran no teu expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET). Son como mínimo de 7 créditos (175 horas) e como máximo de 30 créditos (750 horas).

Saídas profesionais

Os/As graduados/as en Economía adquiren competencias moi demandadas tanto por organismos e administracións públicas como por empresas e institucións financeiras. Tamén poden dedicarse ao exercicio libre da profesión, á docencia e á investigación...

Os perfís máis demandados axústanse á seguinte formulación:

- Economía Pública.
- Análise Económica.
- Economía Internacional.
- Economía do Desenvolvemento e da Cohesión Social.
- Economía do Medio Ambiente.
- Economía en exercicio profesional libre.
- Ensino da Economía.

Os/as graduados/as en Economía pola USC teñen recoñecida unha dispensa xenérica parcial dos cursos de formación teórica de auditores e da primeira fase do exame de acceso ao Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

